





SE PENSAS COMPARTIR A TÚA VIDA CUN ANIMAL DE COMPAÑÍA, *constrúe o fogar que necesita*

Revisa estes puntos para que
a tenencia do teu animal exótico sexa responsable



A esperanza de vida varía moito segundo a especie, dende os 3 anos que adoitan vivir os hámsteres, ata os 50 anos que poden chegar a vivir os papagaios. Teno sempre presente xa que o **compromiso é para toda a vida do animal**.


Existen **veterinarios especializados** en garantir a saúde dos animais exóticos, non dubides recorrer a un deles para asegurarte que cobres as necesidades do teu animal de compañía.



Debes asegurarte que a **tenencia do animal está permitida** pola normativa en vigor. Lembra que **o abandono do animal é unha infracción grave** e que pode supoñer un perigo para a biodiversidade se o liberas ao medio natural.



Durante a viaxe ao veterinario podes tapar o **transportador, terrario ou gaiola** para minimizar a tensión que sofren estes animais.



Se vas viaxar, asegúrate que alguén **comproba regularmente** que non se produciron avarías ou cortes de subministración enerxética que poidan afectar o **funcionamento dos sistemas de mantemento** automáticos dos acuarios ou terrarios.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES, CONSUMO
Y AGENDA 2030

